

CIRCULAR 05-2026.

XXXIX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS MÁSTER CTO. XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS SUB 10, SUB 12 E SUB 14 XXIX MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 24 de xaneiro en Ribadavia, os Campionatos Xunta de Galicia Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Máster, individuais e por equipos.

Art.2).- Participación nos Campionatos.

- Campionatos individuais

- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.

- Campionatos por equipos

- Poderán participar atletas que teñan licenza na presente tempada por algún club de Galicia.
- Cada club poderá participar cun número ilimitado de corredores.
- Limitación no nº de atletas de clubs asociados: 1.
 - Deberá correr coa indumentaria do club principal.
- En categoría Máster, realizaranse 3 clasificacións por grupo de idade e sexo.

GRUPOS DE IDADE	
Máster A	De 35 a 44 anos
Máster B	De 45 a 59 anos
Máster C	Máis de 60 anos

- Pódese baixar de grupo de idade, debendo indicalo na inscrición no campo de observacións.

❖ Só participaría do Campionato individual se a carreira na que participa coincide coa dos atletas da súa categoría.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o luns 19 de xaneiro ás 23:45.

- Permítense cambios, na secretaría da competición, ata 45' antes da celebración da proba.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 21 de xaneiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma.
- Deberán acceder á vez tódolos integrantes do equipo.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto. A uniformidade, para aqueles atletas asociados que representen ao seu club principal, será a deste último.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.7).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións).

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	CATEGORÍA	DISTANCIA	PECHE CONTROL*
10:05	10:20	10:30	Máster Homes M35-40	5000 aprox	25 min*
10:35	10:50	11:00	Máster Mulleres	5000 aprox	40 min*
11:20	11:35	11:45	Máster Homes M45 en diante	5000 aprox	40 min*
12:05	12:20	12:30	Sub 10 Mulleres	1000 aprox	
12:20	12:35	12:45	Sub 10 Homes	1000 aprox	
12:35	12:50	13:00	Sub 12 Mulleres	1500 aprox	
12:50	13:05	13:15	Sub 12 Homes	1500 aprox	
13:05	13:20	13:30	Sub 14 Mulleres	2000 aprox	
13:25	13:40	13:50	Sub 14 Homes	2000 aprox	

ENTREGA DE PREMIOS: comezará ás 12:45 coas categorías Máster. As entregas de menores realizaranse a continuación, segundo se dispoña de resultados oficiais de cada proba.

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.

Art.8).- Sistema de clasificación por clubs:

Máster | Menores

- Confeccionarase, para cada grupo de idade, unha listaxe por orde de chegada, conformada polas 6 primeiras persoas que cheguen a meta de cada club e excluindo desta a aquelas persoas cuxos equipos non cheguen a meta con **3|4** integrantes.
- Atribuiráselle, a cada atleta, un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- A puntuación do equipo obterase pola suma de puntos dos **3|4** mellores clasificados/as de cada equipo.
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo último atleta en puntuar (**3|4**) teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.

Art.9).- Premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas Sub 10, Sub 12, Sub 14 e de cada categoría Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- Os/as tres primeiros/as equipos Sub 10, Sub 12, Sub 14 e de cada grupo de idade Máster, recibirán un trofeo conmemorativo do Campionato.
- A asistencia ao acto de entrega de premios é obrigatoria por parte dos premiados, que non poderán delegar a súa representación en ninguén, salvo causas excepcionais autorizadas pola FGA.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Inscricións fora de prazo:
 - o Deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración:
 - Individuais: 10 € por atleta.
 - Clubs: 25 € por equipo.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 05 de xaneiro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaría Xeral da Federación Galega de Atletismo